

A eurrerrexión Galicia-Norte de Portugal a través das páxinas da prensa galega.

Análise do discurso mediático transmitido polos xornais galegos

Xosé López García e Berta García Orosa¹

Introducción

O incremento da colaboración de Galicia e Portugal nos diferentes eidos durante as últimas décadas e a constitución e consolidación da eurrerrexión Galicia-Norte de Portugal sostida nuns lazos de cultura e historia comúns, implican a tódolos actores das dúas sociedades. Os medios de comunicación impresos, como transmisores ou creadores desta realidade, participan no fenómeno e non pode ser alleo a esta realidade nen na súa propia estrutura nen no seu propio discurso. Consideramos necesario o inicio dunha liña de investigación que permita observar cal é a imaxe que transmite a prensa de cada país do veciño. Coa finalidade de coñecer cal era a realidade portuguesa destacada polos xornais galegos na actualidade iniciamos unha investigación que deu, entre outros, os resultados presentados na ponencia.

As aportacións presentadas nesta ponencia son froito dunha investigación² realizada co obxectivo de identificar e describir as imaxes que ofrece a prensa galega de Portugal. O estudo partía da hipótese de que ante a existencia de converxencia de intereses entre os dous países, o estreitamento das relacións e o aumento do interese recíproco dos habitantes das respectivas rexións, os medios de comunicación deberían actuar, polo menos, como reflexo desta situación. A partir desta premisa inicial, deseñáronse diferentes categorías de análise entre as que destacamos o rexistro de pezas relacionadas con Portugal, pezas sobre Galicia e Portugal, pezas sobre Portugal e outros países, ángulos dominantes das pezas sobre Portugal, xéneros empregados, características da información publicada ou elementos gráficos que aparecían nas páxinas impresas. Os datos foron recollidos durante o ano 1999 nunha mostra que incluía os dez xornais galegos de difusión xeral e diaria, publicacións de carácter comarcal³ e os semanarios⁴.

A partir dos datos recollidos elaborouse un informe do que destacamos a continuación os resultados que consideramos máis propicios para o contexto deste congreso. Deste xeito, ó longo das próximas liñas describiremos os parámetros máis relevantes da presenza de Portugal en tódolos medios impresos diarios e de información xeral que se editan en Galicia.

Portugal, na área de Internacional

Portugal inicia a súa presenza paulatina nas páxinas impresas galegas aínda que sempre dun xeito paulatino e relegado a determinados temas que teñen importancia informativa internacional. A presenza do país veciño nas páxinas da prensa galega non está xustificada por esta característica senon que aínda segue a ser considerado na maioría dos casos como un país extranxeiro máis que só acada relevancia informativa cando o feito, fonte ou actor así o manifestan.

Deste xeito, os temas polos que Portugal aparece nos textos xornalísticos de Galicia son puntuais e teñen que adquirir grande relevancia xornalística na actualidade a nivel internacional. Ademais deste primeiro grupo de temas que acadan presenza non só na prensa galega senón nos principais xornais do mundo, os diarios de Galicia recollen tamén aqueles aspectos da realidade xornalística que implican a axentes económicos, sociais ou políticos da comunidade autónoma.

A presenza de Portugal nas páxinas impresas galegas se incrementa considerablemente cando facemos referencia á información mixta, é dicir, aqueles apartados nos que se transmiten eventos ou acontecementos nos que participan os dous países, Portugal e Galicia. Neste caso, a porcentaxe de información aumenta e o abano de temas é máis elevado, aínda que se segue a vertebrar en torno a tres eixes: o fútbol,

a cultura e a economía. En concreto, contidos como os proxectos transfronteirizos, as infraestruturas, actividades artísticas, encontros políticos, accidentes, literatura e turismo relixioso conseguen representar cada un un 10% nas pezas nalgúns dos xornais. Dous son, polo tanto, os criterios de noticiabilidade que predominan no caso concreto dos temas de ou sobre Portugal na prensa galega.

Concretamente, os temas que acadan unha maior presenza son os de deportes – fundamentalmente o fútbol-, a cultura e os encontros ou reunións institucionais e/ou económicas entre institucións ou empresas dos dous países. Como consecuencia, as porcentaxes máis elevadas de pezas informativas están ubicadas nas sección de Deportes, Internacional e Economía (varía a súa denominación dependendo do diario analizado).

A presenza, ademais de secundaria, é normalmente plana e neutral. O tratamento concedido á información polos xornalistas galegos coincide co tinte do noticias-feito, é dicir, adopta un aspecto negativo se o feito ten estas connotacións (delitos, accidentes, en xeral, sucesos) e viceversa o que ofrece xa é un primeiro aspecto da ausencia de elaboración e complexidade da información. Deste xeito, mais da metade dos textos sobre Portugal rexistrados na mostra escolmada son tendencialmente neutros, é dicir, sinxelos, sen contraste, puramente descriptivos e sen valoración ou interpretación.

Importancia

A presenza analizada cualitativamente nas liñas anteriores vincúlase cunha aparición cuantitativa moi escasa que non se corresponde polo momento coa proximidade xeográfica, económica e cultural que potenciou o incremento de actividades nos diferentes eidos da vida dos dous países. Soamente os rotativos editados no sur da comunidade autónoma destinan recursos humanos e paxinación propia para a información do país veciño, e polo tanto concédennlle unha cobertura informativa axeitada no referido ó espacio. A escasa e puntual presenza provoca a carencia prácticametne total de infraestruturas xornalísticas no país veciño.

Á hora de analizar a importancia cualitativa concedida á información publicada sobre Portugal en Galicia tivemos en conta, fundamentalmente, tres ítems: a presenza en portada, os xéneros empregados, os elementos gráficos e a produción propia.

En relación coa primeira das categorías, a presenza en portada, como indicador da relevancia concedida a unha información incluída dentro do rotativo, debemos sinalar as seguintes características. En primeiro lugar, que a presenza na primeira páxina é reducidísima (ningún dos xornais acadou no período analizado as 10 chamadas sobre novas de Portugal na portada): a media sitúase no 17%, pero, agás o *Faro de Vigo* –que distorsiona a media- o resto dos diarios non alcanza o 1%. En segundo lugar, que as informacións sobre Portugal que aparecen na primeira páxina ou ben son referidas a feitos nos que Galicia tamén é protagonista –o que denominamos información mixta- ou ben son noticias referentes a sucesos.

Unha segunda categoría que consideramos para analizar á profundidade e importancia dada á información sobre Portugal é a medición dos xéneros empregados para o tratamento de informacións sobre o país veciño. Neste sentido, as conclusións obtidas sinalan que como consecuencia da escasa importancia concedida ós temas, o emprego de xéneros informativos está reducido a aqueles que supoñen un tratamento máis directo e sinxelo da información: as noticias e os breves. O emprego de noticias supera, deste xeito, o 50% en tódolos xornais analizados. Como consecuencia, os temas son tratados sen demasiada profundización de forma puramente descriptiva e informativa do asunto do que se trate ou do acontecemento que se relata.

As reportaxes está relegadas ós temas máis tópicos e lúdicos cunha presenza moi puntual nos xornais como poden ser os fados, as festas e as feiras que se celebran en Portugal. As porcentaxes obtidas de presenza deste xénero nos diarios galegos son moi escasas e case nunca superan o 10% dos textos informativos publicados nos rotativos. A situación aínda é máis negativa no caso dos artigos de opinión xa que na maioría dos xornais están por baixo do 5%.

En terceiro lugar, consideramos que unha información que conta con elemento gráfico –xeralmente fotografía- ten unha maior relevancia que aquelas que non a están acompañadas de este elemento. Como sinalamos anteriormente, a escasa importancia concedida ós temas, o emprego maioritario de noticias cortas e breves provoca que o emprego de elementos gráficos sexa pouco máis que puntual. En consonancia co descrito ata o momento tamén as fotografías que se publican aparecen preferentemente naquelas con informacións mixtas. Sen embargo, se ben a información gráfica publicada nos xornais galegos é escasa en relación ó conxunto do diario, acada unha relevancia moi importante se realizamos a análise en función da presenza e información sobre Portugal. É dicir, entre o 20 e o 25 por cento do espazo ocupado polo país veciño nos xornais galegos son imaxes.

A produción e a temática coincide co exposto nas liñas anteriores e coas rutinas productivas estipuladas en xeral pola prensa galega. Deste xeito, a procedencia maioritaria é de axencias de información –agás no caso dos xornais que contan con traballadores en Portugal-, son normalmente de carácter complementario e/ou ilustrativo máis que informativo e soen reducirse a un determinado número de personaxes públicos relacionados coa temática habitual (políticos ou deportistas) e que, ademais, facilitan o proceso porque permiten o emprego de imaxes de arquivo.

Finalmente, dedicamos un espazo do noso estudo a analizar a produción da información, é dicir, a infraestrutura que teñen os xornais galegos para a elaboración da información e a cobertura dos acontecementos ocorridos alén da fronteira do Miño.

As características da presenza de Portugal nos xornais galegos descrita nas liñas anteriores denota unhas carencias importantes no proceso productivo. En primeiro lugar, a maioría dos rotativos galegos carecen de produción propia nos temas referidos a Portugal e realizan un uso case exclusivo de material informativo producido polas axencias de noticias galegas, españolas e mesmo internacionais. Este feito provoca a publicación de informacións neutras, comúns a tódolos xornais e carentes de focalización

en relación con aqueles temas ou aspectos que ponderan interesar máis a Galicia como país próximo.

A escasa produción propia tamén sinala ou está potenciada pola falla de infraestrutura propia no lugar de orixe da noticia da que dispoñen soamente dos xornais máis próximos á Portugal. En relación con este factor, o de proximidade, os xornais de carácter autonómico (*O Correo Galego*⁵ e *La Voz de Galicia*), os diarios do sur de Galicia, o semanario nacionalista *A Nosa Terra* e o diario comarcal *Minho Informativo*⁶ son os xornais galegos que máis interese amosan polos acontecementos en Portugal. A prensa de Lugo e A Coruña vive allea a este interese, probablemente por criterios xeográficos e de noticiabilidade.

As fontes son escasas e normalmente quedan reducidas á unha ou dúas. Normalmente de axencia ou, no caso dos xornais con traballadores ou enviados especiais o país veciño, con dúas fontes. A información sobre Portugal comparte co xornalismo galego en xeral o predominio de fontes institucionais e a penas se recorre ó testemuño directo, ós especialistas, as fontes económicas ou ás organizacións sociais, fontes que non acadan ó 7% das empregadas. O esquema é similar no caso de informacións nas que Galicia e Portugal comparten protagonismo. Neste caso, de cada dez fontes, só dúas son lusas.

Conclusiones

A presenza de Portugal nos xornais galegos é aínda escasa e relegada a determinados ámbitos da realidade xornalística. Soamente un factor fai incrementar a presenza de Portugal nos medios galegos: a proximidade xeográfica. A característica de local dos medios de comunicación impresos provoca que na escolma das informacións publicadas prime o criterio de proximidade, polo que a prensa soamente fai referencia á realidade do país veciño cando ou teñen relación con Galicia ou están xeográficamente preto de Portugal. Deste xeito, a proximidade do lugar de produción do xornal e dos lectores do mesmo provoca un incremento da presenza de información sobre Portugal. Durante os

últimos anos incluso algunhas empresas xornalísticas estableceron unha pequena infraestrutura de medios humanos e recursos materiais que permiten o mantemento dunha información continua sobre o país veciño. E o caso de *Faro de Vigo* e *La Región*⁷. Este feito tivo as súas consecuencias no discurso cuantitativamente: o xornal vigués constituíu unha sección denominada 'Portugal' e edita unha media diaria de 3,5 noticias. Do mesmo xeito, as zonas de Portugal que teñen unha maior presenza en Galicia son as máis próximas a comunidade autónoma.

Pese a pequenos avances, a información intercambiada entre ambos países aínda é escasa e, sobre todo, reducida a determinados eidos da realidade o que provoca unha imaxe parcial e distorsionada que non beneficia a potenciación de lazos mutuos que se están afianzando durante os últimos anos en ámbitos como o económico ou o social. Consideramos que a comunicación debe desempeñar un rol importante na conformación da imaxe colectiva sobre Portugal en Galicia durante as próximas décadas.

Bibliografía

Barnhurst, Kevin G. e **Mutz**, Diana, “American journalism and the decline in event-centered reporting”. En”*Journal of Communication*, vol. 47, n.º 1: 27-55, 1997.

Casasus, Josep María, *Ideología y análisis de los medios de comunicación*, Barcelona, Dopesa, 1972.

Galtung, J. e **Ruge**, M. H., “The structure of foreign news”. En”*Journal of International Peace Research*, n.º 1, 1965.

López García, Xosé e outros, *La difusión de la prensa diaria en Galicia*, Santiago de Compostela, Universidad de Santiago, 2001.

Marques de Melo, José, *Estudos de Jornalismo Comparado*, Livraria Pioneira Editora, São Paulo, 1972.

Marques de Melo, José; **Fadul**, Anamaria; **Andrade**, António e **Gobbi**, Maria Cristina, *O Mercosul na prensa do Mercosul*, 1999. (Projecto de pesquisa). Texto policopiado.

Pinto, Ricardo Jorge, *The Evolution of the Structure of Political Journalism in Four “Quality” Newspapers (1970-1995)*. Tese de doutoramento non publicada, presentada na Universidade do Sussex, dispoñible para consulta na biblioteca da Universidade Fernando Pessoa, Porto, 1997.

Pinto, Ricardo Jorge e **Sousa**, Jorge Pedro, “Um retrato sociográfico e socioprofissional dos jornalistas do Porto”. En”*Cadernos de Estudos Mediáticos I*, pp. 9-107, Edições Universidade Fernando Pessoa, Porto, 2000.

Sousa, Jorge Pedro, *Fotojornalismo Performativo. O Serviço de Fotonotícia da Agência Lusa de Informação*, Edições da Universidade Fernando Pessoa, Porto, 1998.

Sousa, Jorge Pedro, *As Notícias e os Seus Efeitos*, Minerva Editora, Coimbra, 2000.

Traquina, Nelson, “As notícias”. En”*Jornalistas. Revista de Comunicação e Linguagens*, n.º 8: 29-40, 1988.

Tuchman, Gaye, *Making News. A Study in the Construction of Reality*, The Free Press, New York, 1978.

Wolf, Mauro, *Teorias da Comunicação*, Editorial Presença, Lisboa, 1987.

¹ Universidade de Santiago de Compostela.

² O grupo estaba coordinado por Xosé López da Universidade de Santiago de Compostela e por Jorge Pedro Sousa da Universidade Fernando Pessoa de Porto. O grupo de investigación estaba formado por: Berta García, Rosa Tedín, Belén Puñal e Olalla Sánchez.

³ A comarca é unha división territorial-administrativa propia de Galicia, pero que propiciou o xurdimento de publicacións propias que sirven de vehículo de comunicación do medio.

⁴ O estudo empregou unha mostra formada por 26 números (a metade das semanas do ano) de cada xornal diario, por doce números (un xornal por mes) de cada publicación semanal.

⁵ No 2003 cambiou por *Galicia hoxe*.

⁶ Era unha publicación periódica editada en Tui que se difundía nesta localidade e en Valença. Na actualidade non se edita.

⁷ *Faro de Vigo* cunha delegación en Valença e *La Región* con un correspondente na localidade portuguesa.